CRÓNICA

MARTIÑO SUÁREZ

O cómico norteamericano conquistou ós seus alumnos no curso clown que impartiu ata onte

# Queremos tanto a Jango...

*Din que o clown é amor, e nalgo así debe basearse o exercicio que esta mañá se leva a cabo nun talleres de interpretación do Festiclown. Soa unha aria mínima, e, sobre o escenario, os alumnos danse a man cos ollos pechados, acaríñanse e agárranse, mentres o mestre, Jango Edwards, explica que «feito isto, o resto, o voso traballo, a vosa vida, non é difícil». Edwards camiña entre os asistentes falando en inglés, e unha traductora verque as súas palabras ó español cun acento entre norteamericano e arxentino. Antes da pausa, o grupo abrázase ó profesor, que berra, agradecido: «Do you love me? [¿querédesme?]».*



XURXO BLANCO

**Jango Edwards, de costas, nunha das clases que impartiu esta semana en Pontevedra**

«Plantarse o nariz é algo moi serio». Dio Pepe Penabade, catorce anos dedicado ó teatro e alumno de Jango Edwards nun dos cursos de interpretación que ofrece o Festiclown estes días en Pontevedra.

Edwards, que impartiu un taller ata onte, é todo un referente no mundo do nariz encarnado. A súa biografía, a que aparece na súa páxina en Internet *–www.jangoedwards.com–*, é cando menos clownesca: fillo dun multimillonario, abandonou unha vida de *yuppy* para actuar pola rúa e traballar no teatro. Noutra páxina dedicada ó norteamericano califícano de «mestre de artistas, rei de tolos».

Os seus alumnos concordan. Ver a Edwards vestido unicamente con mallas de ciclista e tirantes, cimbreándose entre eles mentres retorce o xesto, é un auténtico espectáculo. Un exercicio difícil foi mostrar solidariedade e amor ó compañeiro de clase. «É precioso e moi importante», opina Pepe, mentres toma café no bar do Pazo da Cultura. Para él, o clown «lamentablemente quedou reducido ó típico pallaso de circo». «Isto deberíao facer todo o mundo», di, apurando a bebida antes de volver á aula.

A maior parte dos que asisten ó curso de Edwards son alumnos de interpretación, actores ou afeccionados ó teatro. «Pero é unha experiencia válida para todo o mundo», repite Isabel, pontevedresa, que asegura que na súa vida diaria é «vándala, ou sueva». No curso «ás veces pásase mal, pero a repercusión é positiva», bromea, «así que deberías apuntarte para o ano».

Curro, da Coruña, estudia interpretación. «Aquí se crean vínculos muy fuertes», asegura, «se une un grupo; creo que vamos a ser amigos toda la vida». «Con Jango aprendes técnicas, pero también aprendes a conocerte».

Pasan os dez minutos pactados para o descanso, e Jango Edwards chama polos alumnos, que volven, en comitiva, ó auditorio vacío no que ensaian. Quedan un par de horas de traballo duro, porque, como di Pepe, o clown non hai que tomalo a broma.

# Cuatro payasos recorrerán durante quince días campos de refugiados en Palestina

J. VELÁZQUEZ
PONTEVEDRA

Los niños palestinos de Gaza y Cisjordania recibirán la visita de la denominada Caravana de Payasos por la Paz, que este año estará compuesta por cuatro clowns. Durante quince días, los artistas recorrerán los campos de refugiados de la Media Luna Roja, con la misión de prevenir los posibles transtornos psíquicos ocasionados por la guerra en la población infantil.

La caravana está promovida por la ONG Payasos sin fronteras y el Festiclown, que dedicará el 75% de su recaudación a la financiación del proyecto.

La intención es educar a los niños en una cultura de la paz, que los aleje del odio y la violencia. José Antonio Martín, gerente de Payasos sin fronteras, explicó ayer la primera reacción de desconfianza de los chicos palestinos. «Estabamos actuando en la calle, en Belén. Los chicos empezaron a tirarnos piedras, porque eso es lo que hacen allí. Eso es la Intifada: tirar piedras. La primera reacción -continuó- es de distancia, pero luego es de una gran participación».

Las líneas de actuación del proyecto se centrarán en dos aspectos. Por un lado, la terapia de la risa, como forma de distensión, y en segundo lugar, espectáculos y talleres terapéuticos, orientados a la prevención de transtornos.

El principal problema para la partida de la caravana es el toque de queda impuesto por el ejército israelí, y que impide cualquier movimiento en las zonas ocupadas. Mohamed Safa, de la Organización para la Liberación de Palestina, aseguró que los payasos no podrán viajar hasta que cese el toque de queda y aprovechó para alabar el proyecto solidario de Festiclown. «No sólo reclamamos un Estado, sino también recuperar la sonrisa de nuestros hijos, que sepan que alrededor no todos son enemigos».




XURXO BLANCO

**Martín, a la izquierda, Prado y Safa presentaron ayer la Caravana**